

ACTA NÚM. 1 DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DA SELECCIÓN PARA A LISTA DE CONTRATACIÓN DE TRACTORISTAS

Proceso selectivo: Creación dunha lista de contratación temporal de persoal de tractoristas para a execución dos traballos inherentes ao oficio, entre os que se atoparía o servizo municipal de limpeza de praias.

No Aparcadoiro da Igrexa de Leiro, ás nove horas, do día 29 de outubro de 2014, reúnese o Tribunal Cualificador que avalía as probas selectivas para a creación dunha lista de contratación temporal de tractoristas para que as persoas aspirantes realicen as probas prácticas de manexo de tractor incluídas nos apartados 2 e 3 do punto 5.1 Oposición das bases que rexen o proceso.

Ás 09:15 horas iníciase a comprobación da identificación das persoas aspirantes que deberán realizar a proba.

O Tribunal comproba que hai oito persoas, entre as que superaron a proba escrita, que non xustifican o coñecemento do galego na documentación que presentaron polo que se lles informa de que, no caso de que superen as probas prácticas, terán que facer o exercicio de galego pois todas as persoas aspirantes que a superen incluíranse na listaxe resultante como aspirantes, segundo a orde de prelación, para as futuras contratacións que se poidan producir. O resto das persoas aspirantes están exentas deste exercicio.

Preséntanse os 13 aspirantes que superaron a proba escrita. Infórmaselles de que a orde que se vai utilizar para facer a proba será segundo a orde descendente da puntuación acadada na proba escrita e, no caso de empates, por orde alfabética.

Ás 09:30 horas iníciase a proba de manexo do tractor con remolque e grúa, sendo Christian Ferreirós Sánchez o primeiro en realizala e co seguinte resultado:

ASPIRANTE	Tempo (2 p.)		Conos (3p.)	Total
Ferreirós Sánchez, Christian	10:00,09	0,00	3	3,00

No momento de iniciar a proba o segundo aspirante prodúcese unha avaría no tractor o que obriga a pospoñer a dita proba para outro día e xa nese momento se convoca verbalmente aos aspirantes de que se realizará o venres día 31/10/2014 no mesmo sitio e á mesma hora.

Trasladámonos entón tanto o Tribunal coma os aspirantes ao lugar de realización da proba práctica de manexo do tractor co brazo rozador, que se celebrará no lugar de Meiquiz (Leiro).

Continúase co orde establecida para a proba anterior e remátase ás 14:15 horas co seguinte resultado:

ASPIRANTE	Tempo (60% - 2,5 p.)		Destreza (40% - 1,5 p.)	TOTAL
Caamaño Abuín, Francisco	>20'	Eliminado		
Collazo Riveiro, Sergio	12:24,54	1,00	1,00	2,00
Ferreirós Sánchez, Christian	09:32,69	2,00	0,75	2,75
Fuentes Lamela, José Antonio	10:20,58	1,50	1,50	3,00
Gómez Varela Valentín	07:38,11	2,50	1,00	3,50
Lorenzo López, David	16:30,96	0,00	0,50	0,50
Ordóñez Abuín, José Manuel	09:38,11	2,00	1,00	3,00
Otero Gil, José María	14:55,25	0,50	0,50	1,00
Roncero Pérez, José Luis	07:15,00	2,50	1,00	3,50
Vázquez Castelo, Francisco Alberto	14:02,21	0,50	0,50	1,00
Vicente Mosquera, Renato	12:05,56	1,00	1,00	2,00
Vidal Miguéns, Fernando José	07:57,37	2,50	0,75	3,25
Vidal Somoza, Manuel	08:21,59	2,50	1,50	4,00

Queda eliminado nesta proba Francisco Caamaño Abuín por superar o tempo máximo establecido para a realización dela.

Non se realizan mais probas neste día.

O Tribunal reunirase de novo o venres 31/10/2014 no Aparcadoiro da Igrexa de Leiro, ás nove horas, para rematar as probas de manexo do tractor con remolque e grúa pendentas.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece trinta horas, a Presidencia levanta a sesión, da que se estende a presente acta, que será subscriba polos membros do Tribunal.